

O PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

Hai xa tres anos, GaliciaDigital puxo en marcha unha campaña de difusión da vida e obra de Manuel Rodríguez López, para dar a coñecer axeitadamente o traballo deste autor, a súa ampla obra literaria, o amor pola súa terra, e o vencello por el establecido entre a súa terra natal de Paradela (e, en xeral, Galicia) cos galegos emigrantes en Cataluña.

A primeira acción da campaña consistiu na **creación do portal web www.manuelrodriguezlopez.org**, unha das máis completas webs que teña un escritor galego, que recolle a súa obra completa e a información máis salientable da súa existencia, en catro idiomas: castelán, galego, inglés e catalán.



Tres anos despois, esta web recibe máis de **3.000 visitas mensuais**. É dicir, unhas **100 persoas cada día** entran nesta plataforma para descubrir ou coñecer mellor a Manuel Rodríguez López.

Veú despois a **Exposición Itinerante** sobre a vida e obra de Manuel Rodríguez, formada por 16 paneis informativos (pode ser vista integramente na web). Esta exposición púxose en marcha en Paradela, en agosto de 2013, para ir despois a Lugo (coincidindo co San Froilán) e Begonte (Nadal). Xa en 2014, continuamos en Sarria, Portomarín, Santiago de Compostela (Museo de Pobo Galego), Vilalba, A Coruña (Biblioteca Nodal) e no Centro Galego de Barcelona.

No ano 2015, a exposición estivo en Ourense, Ponteceso, Guitiriz, Meira, Ferrol e Pontevedra. E repetiu visita en Lugo, Paradela e Santiago de Compostela.

Quizais a lugar máis destacado que visitou a exposición durante este ano foi a **Casa de Galicia en Madrid**, porque deste xeito conseguimos novamente traspasar as nosas fronteiras e levar a mensaxe da Manolo Rodríguez á capital de España.



Por outra banda, vimos de publicar recentemente na web do proxecto un **especial que conmemora os 25 anos do pasamento de Manolo**, no que máis de 50 persoeiros das letras galegas falan sobre el, e lembran a súa figura.



Tres anos despois da súa posta en marcha, o proxecto Manuel Rodríguez López semella ter cumprido moitos dos seus obxectivos, pero iso non significa que estea preto do seu final. No **ano 2016**, a exposición itinerante percorrerá diversos Centros Galegos por toda España, e dará un paso definitivo na súa difusión chegando a Portugal. Neste ano tamén publicaremos o especial 25

aniversario en papel. E de seguro chegarán algunhas sorpresas que farán aínda máis grande este proxecto.

Compre lembrar sempre que este proxecto sería imposible de levar a cabo sen a colaboración da Familia de Manuel Rodríguez López, e a impulsión do Concello de Paradela e os apoios da Deputación Provincial de Lugo (Vicepresidencia Primeira), Real Academia Galega, e da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura.

O noso especial agradecemento vai para Xesús Mato, Xosé Manuel Mato, Xesús Alonso Montero e Valentín García, por todo o que fixeron polo proxecto Manuel Rodríguez López.